

DECÁLOGO: XOGO TRADICIONAL E PERSPECTIVA DE XÉNERO

Manuela Vázquez Coto
Cristina López Villar
(Universidade da Coruña)



1. Fálalles sempre ás nenas e aos nenos en feminino e masculino. O que non se nomea non existe. É importante que as nenas se sintan incluídas nos xogos. Usa unha linguaxe inclusiva e integradora.
2. Non establezas diferenzas de distancias, manipulación de obxectos de diferentes tamaños, pesos ou habilidades entre nenos e nenas. A segregación que existe no deporte non se debe trasladar aos xogos. É un modelo sexista.
3. Non hai xoguetes, nin habilidades, nin obxectos para nenas ou nenos. Evita os que transmiten esta idea. As crianzas aprenden xogando.
4. É importante evitar as agrupacións por sexo, utiliza os agrupamentos como estratexia. A vivir en igualdade apréndese a través dunha convivencia sa e segura.
5. Utiliza cantigas, refráns ou retrosos que non sexan sexistas nin recollan frases machistas. O patrimonio lúdico é tan rico que non é necesario usar aquelas que son formas de violencia simbólica contra as mulleres.
6. Fai visibles os xogos propios de mulleres para contrarrestar a invisibilidade histórica dos mesmos.
7. Utiliza as mozas como exemplo en xogos considerados tradicionalmente de mozos, e aos mozos en xogos tradicionalmente de mozas. Isto permitirá difundir a equidade nas prácticas lúdicas.
8. Asigna roles de liderado ás mozas en actividades como organizar un grupo, explicar xogos de forza ou habilidades relacionadas tradicionalmente con oficios masculinos, transportar material pesado ou semellantes, para romper cos estereotipos de xénero.
9. Asigna roles de liderado aos mozos en actividades relacionadas cos coidados, explicar xogos de ritmo e habilidades relacionadas tradicionalmente con oficios femininos ou semellantes, para eliminar os estereotipos de xénero.
10. Repara cando uses carteis, paneis ou imaxes dos xogos, que exista equidade na representación de nenas e nenos. E que estas imaxes non estean estereotipadas.

Os xogos cun enfoque libre de sexismo permiten un desenvolvemento e unha convivencia sa, respectando tanto a diversidade como a individualidade!!